



Recomendación dirixida á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que se revise un expediente para esclarecer o sucedido cun certificado académico remitido por correo e adopte as medidas necesarias para evitar o prexuízo causado á alumna e cando se solicite algún tipo de información, se comunique ao alumnado información útil e precisa sobre os posibles defectos das solicitudes utilizando vías rápidas e sinxelas, así como a publicación nas listaxes provisionais das causas de exclusión para saber como emendar os erros.

Expediente: D.3.Q/5308/22

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2022

Sr. conselleiro:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención xxxxx.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito indicaba que presentaba a súa queixa contra a dirección do CIFP Ánxel Casal— Monte Alto, en A Coruña, polos erros cometidos na tramitación da súa solicitude de reserva de praza nese centro integrado, que orixinou a súa exclusión e a imposibilidade de continuar os seus estudos do 2º curso de xxxx ou de xxx.

Segundo manifesta, enviou un escrito á Dirección Xeral de FP pero non obtivo contestación.

Fixo a solicitude de reserva de praza no CIFP presencialmente o día 28-07-2022, no cal aportou a solicitude ou Anexo 1 e que se lle selou co cuño do Centro e firma, a falta de "Certificación académica válida".

Para a subsanación de dito defecto, foi enviado polo IES xxx vía interna, primeiro un certificado onde consta que cumpría cos criterios de promoción ao segundo curso, ó que

foi contestado desde o CIFP Ánxel Casal indicando que foi un erro e que só precisaban un certificado académico. Dito certificado foi remitido polo mesmo centro o mesmo día e foi tamén presentado en sobre aberto na Oficina de Correos de xxx (A Coruña) un orixinal remitido para ese Centro con data 05.07.2022 (apórtase documentación xustificativa de todo o mencionado anteriormente).

Así mesmo, foi presentado co Anexo I, un certificado de estudos do Ciclo de FP que tiña feito anteriormente coa baremación da nota de acceso ao ciclo (a falta de título orixinal por non o ter no seu poder). Con isto quedaría cumprimentado o punto do escrito onde consta que faltaba "*Certificación académica do centro de orixe, onde conste explicitamente que se cumpren os criterios de promoción ao segundo curso*"

Na solicitude da "*Fotocopia cotexada do documento de identificación*", indica a persoa que promove esta queixa que no Anexo I, por defecto, vai sinalado un punto onde autorizou a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade.

Nos motivos de "EXCLUSIÓN" dentro dos tres días que o CIFP Ánxel Casal sinalaba, non constan ditas causas, nin o comentan nos correos enviados pola reclamante e contestados polo centro a fin de aclarar que o erro foi cometido polo CIFP e non pola solicitante, que achegara xa todo o requirido.

Por todo o exposto, a persoa que promove a queixa esixe unha aclaración sobre o ocorrido e o recoñecemento do erro que se cometeu por parte do CIFP Ánxel Casal, pois perdeu a posibilidade de poder realizar o 2º curso de xxx ou de xxx, téndose que matricular noutros estudos.

Recibido o informe da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, tras as mencións á normativa aplicable, indícase que o proceso de admisión a segundos cursos de ciclos formativos non é centralizado, motivo polo cal todas as actuacións de solicitude de praza e matrícula deben tramitarse directamente na secretaría do centro educativo no que se solicita a praza e non a través do teléfono nin do correo electrónico, que non sempre poden ser respostados coa premura que require o proceso de admisión. Por outra banda, segundo se establece na normativa, aquel alumnado que promociona de 1º a 2º curso e desexa facelo nun centro diferente, non terá a praza garantida.

Como expresamente recoñece o informe, o 30/06/2022 xxx presentou no CIFP Ánxel Casal-Monte Alto o Anexo I para a admisión a ciclos formativos de grao superior en réxime ordinario para o curso 2022/2023 no 2º curso de xxx e en 2º curso de xxx.

Coa solicitude de admisión non se achegaba a documentación acreditativa dos requisitos de acceso (documento imprescindible para poder baremar a solicitude). O informe da consellería sinala que por este motivo saíu excluída na listaxe provisional publicada o 08/07/2022. O prazo para presentar alegacións a estas listaxes remataba o 12/07/2022 ás 13:00 horas.

O día 11/07/2022, ás 10:05 horas, a reclamante enviou un correo electrónico ao CIFP Ánxel Casal-Monte Alto preguntando polo procedemento de formalización de matrícula en caso de admisión (non consultou nada sobre a solicitude propiamente dita nin sobre o motivo da súa exclusión das listaxes). En resposta a ese correo, o centro instou a xxxxx a consultar as listaxes de adxudicación de prazas definitiva na páxina web do centro que se faría pública o día 19/07/2022.

Posteriormente, o 12/07/2022, ás 11:35 horas, a reclamante enviou outro correo ao centro educativo preguntando cales son os motivos da súa exclusión das listaxes. Debido á carga de traballo, este correo foi respondido polo centro ás 15:21 horas explicándolle cales foron os motivos da súa exclusión: non constancia da documentación relativa ao requisito de acceso, documentación imprescindible para poder baremar a solicitude.

Ao non reclamar en tempo e forma sobre a súa exclusión das listaxes, a xxxxx non se lle adxudicou a praza solicitada para segundo curso do ciclo formativo de xxx.

Derivado desta exclusión presentou un escrito dirixido á dirección do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto e ao departamento competente desta Consellería no que solicitaba a súa inclusión na listaxe provisional de solicitudes admitidas no 2º curso de xxx e no 2º curso de xxx. Ao tratarse dun proceso de admisión non centralizado, este escrito foi respostado polo centro educativo, indicándolle os motivos da súa exclusión.

Salienta o informe que as solicitudes de admisión a segundo curso só poden facerse para un único ciclo formativo, non sendo válida a dobre petición que formulou a reclamante na súa solicitude. Isto explica que saia excluída a súa solicitude do ciclo formativo de xxx e non conste ningún apuntamento con respecto á segunda petición (non válida) do ciclo superior de xxx.

## ANÁLISE

A exclusión da interesada neste expediente do proceso de admisión non centralizado radica, segundo se lle comunica desde o centro responsable da tramitación no correo respondido

polo centro ás 15:21 horas do día 12/07/2022, na falta de constancia da documentación relativa ao requisito de acceso, documentación imprescindible para poder baremar a solicitude.

O informe non fai referencia algunha ao certificado remitido por correo interno desde o IES xxx, que acreditaba os requisitos de acceso. Segundo resulta da documentación remitida coa queixa, o director do IES xxx fixo constar que o día 01.07.2022 dende o CIFP Ánxel Casal de Monte Alto (A Coruña) foilles requirida documentación xustificativa da promoción ao 2º curso do ciclo superior de xxx da alumna xxxxx.

Dende o correo dese Centro foi enviado boletín de cualificacións no que figuraba a promoción ao 2º curso, toda vez que na certificación académica xerada en Xade non figuraba especificamente esa promoción.

Ese mesmo día, o CIFP Ánxel Casal-Monte Alto púxose en contacto coa Dirección do IES a través do correo comentando que se trataba dun erro e que, en realidade, o que necesitaban era a certificación académica, non o boletín, certificación que foi enviada por correo ese mesmo día, o 1 de xullo de 2022. O documento da dirección do IES xxx no que fai constar ese envío da certificación académica da alumna leva data do 13 de xullo, polo que debера ser tido tamén en conta a efectos de subsanación antes da publicación das listaxes definitivas.

Tampouco menciona o informe da consellería a remisión da mesma certificación académica da alumna do último curso feito no IES xxx, do ciclo xxx (1º curso), para adxuntar á solicitude de admisión a ciclos formativos de grao superior, presentada a través do servizo de Correos con selo de datas do 5 de xullo de 2022.

Sobre o DNI, consta no formulario cuberto o día 30 de xuño a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

De todo o anterior, resulta con claridade que o CIFP Ánxel Casal cometeu un erro na tramitación desta solicitude, causando un prexuízo á interesada. O mesmo día 12 de xullo, cando respondeu ao correo electrónico da alumna no que consultaba dúbidas sobre a súa matriculación, debería ter revisado a solicitude, sen remitila directamente á consulta das listaxes definitivas que se publicarían o día 19.

Por outra parte, respecto á tramitación da documentación, desde o CIFP Ánxel Casal alegan non poder contactar con todas as persoas para requiririlles a oportuna documentación, a pesar de que son eles os que selan o documento e comunícanlle a falta dese requisito que, unha vez enviado polo instituto no que cursou o primeiro ano do ciclo, semella que non se incorporou ao expediente.

Salienta o informe que os trámites relativos á admisión (entre os que se inclúe a subsanación de falta de documentación) realízanse na secretaría do centro e non por teléfono ou correo electrónico. Con todo, na normativa aparece que se debe facer presencialmente no centro o relativo á entrega da solicitude cando se volve a matricular no mesmo centro, non a posible subsanación de falta de documentos. De feito, o CIFP diríxese por correo ao primeiro instituto, o IES xxx, tras recibir a documentación acreditativa alertándolle que non pedían o boletín de notas, senón outro documento, e en ningún momento indican que deba entregarse presencialmente na secretaría do CIFP Ánxel Casal.

Tampouco parece adecuado o que sinala o informe sobre que o día 11/07/2022, ás 10:05 horas, a alumna enviou un correo electrónico ao CIFP Ánxel Casal-Monte Alto preguntando polo procedemento de formalización de matrícula en caso de admisión, tratando de facela responsable por non consultar nada sobre a solicitude propiamente dita nin sobre o motivo da súa exclusión das listaxes. En resposta a ese correo, o centro instou a xxxxx a consultar as listaxes de adxudicación de prazas definitiva na páxina web do centro que se faría pública o día 19/07/2022 pero nada se lle dixo sobre os motivos polos que saíra excluída na listaxe provisional publicada o 08/07/2022, malia que o prazo para presentar alegacións a estas listaxes remataba o 12/07/2022 ás 13:00 horas. Prodúcese unha falta de información útil e clara á alumna solicitante sobre o motivo da exclusión, non podendo facer ningunha emenda (aínda que se informe dos requisitos de admisión, se ela cre que actuou correctamente non pode arranxar nada).

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a seguinte **recomendación**:

Que o CIFP Ánxel Casal revise o expediente para esclarecer o sucedido co certificado académico remitido por correo polo director do IES xxx o día 1 de xullo e pola propia interesada a través de servizo de Correos na data do 5 de xullo, e adopte as medidas necesarias para evitar o prexuízo causado á alumna.

Neste tipo de procedementos non centralizados, é precisa a maior dilixencia nas actuacións, de xeito que no caso de que sexan coñecedores do incumprimento de requisitos e solicíteselles algún tipo de información, se comunique ao alumnado información útil e precisa sobre os posibles defectos das solicitudes utilizando vías rápidas e sinxelas, así como a publicación nas listaxes provisionais das causas de exclusión para saber como emendar os erros.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo